<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.

UD	Título da UD	Duración
8	O século da razón. Elementos de cambio e de continuidade.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Nomea as principais características políticas, económicas e sociais do Antigo Réxime.		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Compara as características do Antigo Réxime coas características da Ilustración. É capaz de realizar unha liña cronolóxica na que se presenten os procesos revolucionarios da época: Revolución Americana e Revolución Francesa.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Distingue os trazos e as principais características do Absolutismo, do Parlamentarismo e do Despotismo Ilustrado. Sintetiza as principais características do Liberalismo. Explica o concepto de Revolución Burguesa e nomea as principais causas e etapas da Revolución Francesa.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Busca e define no seu caderno o significado de termos históricos relacionados co tema.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Busca e define no seu caderno o significado de termos históricos relacionados co tema.	TI	30
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza un traballo sobre algún dos aspectos tratados na unidade didáctica e o expón diante da clase.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Busca información sobre o papel das mulleres nas Revolucións Liberais e realiza un breve informe no seu caderno.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
9	Os cambios do século XIX, transformacións económicas, políticas e sociais.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Demostra que sabe expresar o significado de termos históricos desenvolvidos na unidade didáctica.	PE	70
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	O alumno logra describir de xeito sinxelo as características da nova sociedade de clases que xorde no século XIX.		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	É capaz de comparar as principais características da primeira e da segunda Revolución Industrial.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Logra distinguir a grandes trazos as principais características das Revolucións Liberais da primeira metade do século XIX.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	É capaz de identificar os principais trazos da creación dos estados xermano e italiano e realizar unha comparación entre eles.	TI	30
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza un traballo sobre algún dos aspectos relacionados coa unidade didáctica e o expón ante a clase.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Analiza os problemas asociados ao desenvolvemento da sociedade capitalísta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.
- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.
- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.
- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.
- A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.
- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
10	España nos séculos XVIII e XIX.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Identifica os principais cambios políticos, sociais e económicos que se desenvolven na España dos séculos XVIII e XIX		
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Nomea as principais causas da guerra de Independencia e describe o contexto no que se elabora a Constitución de Cádiz. Analiza as dificultades e resistencias que se produciron en España para a implantación do Réxime Liberal.	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	É capaz de identificar os principais procesos históricos que se produciron na España dos séculos XVIII e XIX e de ordenalos cronoloxicamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Logra entender as principais características da Guerra de Sucesión española, o reformismo borbónico, a crise do Antigo Réxime e o reinado de Fernando VII.		
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	É capaz de recoñecer no presente as herdanzas da España do século XIX.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Logra sintetizar en diferentes informes ou traballos as principais características de evolución histórica da España dos séculos XVIII e XIX e o expón diante da clase.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	A partir de textos históricos logra analizar a desaparición do Antigo Réxime en España e a difícil construción do estado liberal nos ámbitos político, social e económico.	TI	30
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	É capaz de relacionar a herdanza das características sociais, económicas e políticas nos procesos da construción das entidades colectivas actuais.		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Identifica e recoñece a diversidade social e cultural na España contemporánea e enumera algunhas características da súa diversidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas

Contidos

- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.
- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.
- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.
- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.
- A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.
- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.
- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia en 3º da ESO tratarán que o alumnado adquire o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo, permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

O desenvolvemento das competencias é o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Este desenvolvemento xirará arredor da necesidade dun traballo persoal por parte do alumnado para a construción dun coñecemento significativo, combinado coa elaboración de actividades individuais e en pequeno grupo, como unha forma de iniciación ao traballo cooperativo.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes. Polo tanto partírase da competencia inicial do alumnado para incitalo ao coñecemento histórico e xeográfico e asegurar a construción de aprendizaxes significativas que permitirá establecer relacións entre o que os alumnos saben (detección de coñecementos previos globalmente e para cada tema) e o que descoñecen e animaralos a descubrir novos coñecementos.

Na práctica diaria da aula buscarase combinar unha metodoloxía expositiva e unha metodoloxía indagatoria. A presentación/aclaración dos contidos e da información xeral farase habitualmente de forma expositiva, aínda que se propicie a reflexión dos alumnos mediante a análise de documentos escritos, gráficos, mapas, imaxes, vídeos, etc.. O profesor facilitará o acceso á información explicando e analizando os contidos e matizando as solucións aos temas que se propoñan. A isto engadirase a demanda ao alumnado do esforzo que supón a construción persoal do coñecemento, dando prioridade á realización por parte do mesmo de actividades non simplemente mecánicas, senón de aquelas que esixen poñer en funcionamento o proceso intelectual cun enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas, interiorizando cuestións e conceptos, desenvolvendo a capacidade de facer análise e á aceptación de pluralidade de respostas. Procurarase potenciar a expresión escrita (elaboración de resumos, comentarios, informes e traballos) e oral (debates, exposición dos resultados de traballos individuais e en equipo...). Neste sentido engádesse o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral

e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

O uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación será un recurso didáctico importante e os recursos dixitais serán de utilización preferente. O profesor utilizará na aula o ordenador, o proxector e a pizarra dixital para presentar contidos e material audiovisual (vídeos, powerpoints, ...), coa finalidade de explicar o contido da materia. Utilizarase o entorno virtual de aprendizaxe proporcionado polo proxecto E-Dixgal a través do uso do libro e materiais dixitais por parte do alumno/a e a realización de exercicios e tarefas interactivas a través desta plataforma. O curso en E-Dixgal servirá non solo como repositorio de material e recursos para o alumnado, (notas, apuntes, ligazóns a vídeos e páxinas web), senón tamén como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permita ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual) e como medio de comunicación entre profesorado e alumnado.

A realización de traballos individuais co estudo de fenómenos concretos vai ligado a unha metodoloxía activa e indagatoria, por medio da cal o alumno/a expresará as súas conclusións, as relacións establecidas e a valoración crítica. Neste sentido será relevante a aprendizaxe das técnicas de traballo propias da disciplina cunha metodoloxía guiada, coa finalidade de coñecer as formas de traballar máis comúns entre historiadores e xeógrafos e aprender a interpretar e analizar os feitos históricos e xeográficos: cronoloxía, cartografía, multicausalidade, técnicas cuantitativas, comentario de textos, análise de gráficas e táboas, representación e localización espacial, etc.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Propóranse tarefas a desenvolver en pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos. O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado e as súas habilidades, destrezas e intereses.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Aula virtual do curso en E-Dixgal.

Libros dixitais da plataforma E-Dixgal.

Apuntamentos e fichas do docente.

Exercicios e tarefas dixitais interactivas.

Mapas murais de temas xeográficos e históricos.

Vídeos, fragmentos de películas e outros contidos de internet.

Selección de artigos de prensa relacionados cos temas en estudo.

Ordenador e caderno de traballo do alumnado.

Encerado dixital, ordenador e proxector de aula.

Libros de lectura de contido xeográfico ou histórico relacionados coa materia impartida.

Os libros de texto da plataforma E-Dixgal serán un apoio importante tanto para o profesorado como para o alumnado, xa que aglutinan todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrecen diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante non deben determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado determinará en cada momento a xestión do seu uso. Ademais dos libros de texto empregaranse diferentes materiais complementarios que se acomoden ás oportunidades que se presenten na aula.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde realizará as tarefas propostas polo docente de xeito ordenando, dito caderno será unha mostra do traballo do alumnado e do seu progreso.

Ademais do emprego do caderno para levar as tarefas resoltas, en ocasións poderase utilizar a plataforma E-Dixgal para a entrega de traballos por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso terá a finalidade de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos alumnos e alumnas, buscará identificar as dificultades e necesidades dos mesmos, identificar aprendizaxes imprescindibles non adquiridas e acadar un coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación co fin de tomar as decisións profesionais de actuación e poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

A avaliación inicial comprendera as seguintes actuacións:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Unha proba escrita sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Nesta proba combinaranse diferentes tipos de cuestións: preguntas cortas (tipo test, de completar textos, de relacionar, de ordenar), outras que necesiten un maior desenvolvemento e exercicios que permitan apreciar o grao de dominio das técnicas de traballo propias da disciplina (elaboración e interpretación de mapas, gráficos, liñas do tempo, etc.). Esta proba non terá repercusión na cualificación da materia.
- Observación dos coñecementos previos e do nivel das competencias básicas dos alumnos/as mediante preguntas orais e as actividades de introdución á materia. Neste período inicial, mediante observación directa na aula, tamén se buscará recoller información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado).

Os resultados desta avaliación serán tratados nunha reunión do equipo de profesores/as que se convocará no centro, antes do 18 de outubro, para poñer en común a información obtida do alumnado. Deberá servir para formular inicialmente o desenvolvemento do curso, tomar as medidas oportunas para traballar co grupo-clase, mellorar o seu rendemento académico e para elaborar as medidas de apoio e reforzo e as adaptacións curriculares pertinentes. A partir da avaliación inicial e, sempre que se considere necesario, faranse axustes curriculares no desenvolvemento da materia, de maneira que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, e se garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das mesmas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	10	16	9	10	10	10	10
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	70
Táboa de indicadores	30

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da educación secundaria obligatoria será continua, formativa e integradora. En primeiro da ESO a avaliación do curso establécese segundo o proceso de avaliación continua. Dentro das unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que o das probas escritas é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%.

As probas escritas

As probas escritas permitirán valorar o dominio das competencias e a adquisición de contidos polo alumnado. Estas probas versarán sobre os aspectos tratados na aula e que determinen os diferentes criterios de avaliación e os contidos con eles relacionados. Estas probas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos, interpretar textos, localizar e explicar mediante mapas fenómenos xeográficos e históricos, etc.. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión. Faranse, polo menos, dúas probas escritas en cada avaliación.

As táboas de indicadores

A avaliación mediante táboas de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado. Diferéncianse:

a) Actividades e exercicios do traballo programado na aula e tarefas encargadas para completar na casa para cada unha das unidades. Estes exercicios e actividades serán preferentemente realizadas no caderno do alumno/a aínda que tamén se levarán a cabo tarefas no seu ordenador e que serán enviadas ao profesor para a súa corrección a través da plataforma E-Dixgal. Os cadernos valorarase mediante unha proba escrita de autoavaliación.

b) Traballo individual e/ou en grupo: traballos, informes e redaccións realizados polos alumnos como proxectos de investigación sobre algún tema, de forma individual ou en pequenos grupos, así como resumos, pósteres, exposicións orais, nos que se valorará o grao de consecución das competencias. Os traballos serán corrixidos sobre 10 e neles se terá en conta a estrutura, a forma da presentación, a utilización das TIC, tanto na investigación como na presentación e sobre todo a exposición oral do traballo. Os traballos non entregados representarán automaticamente un 0 neste apartado. Para a corrección destes traballos empregarase unha rúbrica.

Para obter a nota das avaliacións parciais realizarase a suma da ponderación das cualificacións obtidas mediante os instrumentos descritos no parágrafo anterior: media das probas escritas realizadas e notas obtidas mediante as táboas de indicadores. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo. Para o redondeo da nota valorarse positivamente o incremento no esforzo do alumnado durante o curso, a entrega puntual dos traballos e actitude durante a avaliación e negativamente os aspectos que representen todo o contrario. Tendo en conta estes factores, os resultados da nota media superiores a medio punto redondearanse á alza e os inferiores á baixa para obter a nota final definitiva da avaliación en números enteiros.

Para obter a nota da avaliación final: para o alumnado que aprobe a materia por avaliacións realizarase a media das tres avaliacións parciais. O alumnado que teña algunha avaliación sen superar e cuxa media sexa 5 ou superior a 5 e as notas das avaliacións parciais non sexan inferiores a 4, a nota será a media das tres avaliacións.

Para o alumnado que non aproba a materia o procedemento será o que se explica no punto seguinte.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non aprobe a materia por avaliacións, deberá superar as aprendizaxes non adquiridas durante o curso, para o que terá que realizar unha proba de recuperación no mes de xuño, sobre os criterios de avaliación correspondentes non superados no seu momento (e reforzados mediante as tarefas de reforzo de cada avaliación). En dita proba de recuperación poderase acadar como máximo unha puntuación de cinco puntos.

Para o alumnado que teña algunha avaliación aprobada e conte cunha ou dúas avaliacións suspensas e as recupere na proba de avaliación final teranse en conta os cinco posibles puntos obtidos na proba de recuperación que farán media coas notas das avaliacións superadas ao longo do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente do curso anterior será informado ao inicio do curso do plan de reforzo para o alumnado que pase de curso coa materia de Xeografía e Historia sen superar.

Para arpoar a materia pendente do curso anterior o alumnado deberá realizar as dúas partes seguintes:

- 1ª PARTE: Realización dunha serie de actividades por avaliación que deberá entregar en tres datas:
 - 1º Trimestre: 24 de novembro.
 - 2º Trimestre: 1 de marzo.
 - 3º trimestre 3 de maio.
- 2ª PARTE: Realización dunha proba escrita en xuño na data que se indicará no seu momento.

Para obter a cualificación teranse en conta os seguintes criterios:

- Cada unha das dúas partes mencionadas anteriormente representa o 50% da nota final.
- Deberá obter puntuación mínima de 2 puntos (antes da ponderación) en cada unha das partes, entendendo que un alumno/a que non entrega as actividades ou non se presenta á proba escrita obtén 0 puntos na parte correspondente, polo que non poderá aprobar a materia.

A nota final obterase da suma das notas ponderadas das dúas partes: actividades (esta nota obterase da media das actividades realizadas en cada trimestre) e proba escrita.

As notas parciais que aparecerán no XADE en cada trimestre corresponderanse coa nota non ponderada obtida nas actividades e, polo tanto, representarán soamente dito apartado considerando dita nota como unha información do proceso de recuperación da materia por parte do alumno/a; para coñecer a nota definitiva terase que esperar aos resultados da proba escrita que se realizará en xuño.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade estrutúranse en dous niveis: medidas ordinarias e extraordinarias:

En canto ás medidas ordinarias, ao alumnado con dificultades para seguir o proceso ordinario de ensino e aprendizaxe aplicaráselle medidas de reforzo educativo. Este reforzo poderá afectar á secuencia de contidos, ás formas e aos instrumentos de avaliación, á organización da aula, ao agrupamento do alumnado e a todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Consideramos que as actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais polo que aínda que propoñeremos a toda a clase as mesmas, ditas actividades deberán ser variadas e con distintos niveis de dificultade o que nos permitirá adaptarnos ás diferentes capacidades, intereses e motivacións. Ademais de propoñer actividades variadas, o profesorado aportará materiais complementarios que faciliten o acceso aos contidos, por exemplo: táboas comparativas ou de síntese, esquemas e mapas conceptuais, eixes cronolóxicos, temas adaptados. Por outra parte, pensamos que o traballo en equipos mixtos co alumnado de diferentes capacidades, pode permitir un tratamento bastante eficaz da diversidade; xa que este tipo de aprendizaxe constrúe coñecemento a través da contribución entre o grupo de iguais, polo que favorece o intercambio e a aprendizaxe de estudantes con dificultades (moitas veces máis receptivos ás explicacións e a axuda dos seus iguais que do profesor/a) ao tempo que os estudantes máis avantaxados tamén se benefician xa que reestruturan mellor os seus coñecementos cando os comunican aos seus compañeiros/as. En todo caso, no contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse estas medidas. Poderán adoptarse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Aqueles alumnos/as que permanezan un ano máis no mesmo curso deberán seguir un plan específico personalizado, elaborado coa finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor e desenvolverase ao longo de todo o curso.

As medidas extraordinarias de atención á diversidade son todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Este será o caso das adaptacións curriculares dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais. No caso de algún alumno/a con estas características procederase a elaborar a adaptación curricular da materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación civico-social		X				X		X
ET.2 - Educación ambiental				X	X	X		
ET.3 - Educación para a igualdade				X				X
ET.4 - Emprendemento				X	X	X		
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do desenvolvemento sostible						X		
ET.7 - Educación para a paz		X						
ET.8 - Educación para o consumidor				X	X	X		

	UD 9	UD 10
ET.1 - Educación civico-social	X	X
ET.2 - Educación ambiental		
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X
ET.4 - Emprendemento		
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X
ET.6 - Obxectivos do desenvolvemento sostible		
ET.7 - Educación para a paz	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor		

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas divulgativas para estudantes de ensino secundario	Charla coloquio realizada polo Parlamento e a Asociación de EX deputados/as do Parlamento Galego			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Realízase a avaliación inicial ao principio de curso
2. Planifica as clases con antelación e leva a aula o modelo planificado.
3. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado
4. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
5. Elabóranse actividades atendendo á diversidade
6. Relaciónanse os contidos e as actividades cos coñecementos previos.
7. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar
8. Empregáronse distintos instrumentos de avaliación
9. Fomentase o respecto e a colaboración entre o alumnado
10. Adóptanse distintos tipos de agrupamentos en función da tarefa a realizar.
11. Poténcianse estratexias de animación á lectura
12. A temporalización foi adecuada
13. Proporcionase ao alumnado información sobre os instrumentos de cualificación para que saiban como e de que se lles vai avaliar.
14. Dase información ao alumnado dos progresos e das dificultades atopadas.
15. Son accesible ás familias

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente. Para avaliar o proceso seguirase o anterior cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 4. Este cuestionario deberá aplicalo o docente ao final de curso e flexionar sobre os seus resultados con vistas á revisión da programación didáctica e a mellorar cada curso na práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc...todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa. Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos criterios de avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos no apartado 8.1 desta

programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, na memoria de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados